

MEMORIA DE COORDINACIÓN TEI 2022/23



ÍNDICE:

- 1. Introducción.**
- 2. Profesorado participante.**
- 3. Descripción das accións realizadas polo alumnado coas conclusións obtidas.**
- 4. Avaliación do programa por parte do alumnado.**
- 5. Conclusións e propostas de mellora cara o vindeiro curso.**

1. Introducción.

O programa TEI elixiuse no centro coma unha das estratexias preventivas dende unha perspectiva emocional, que proporciona oportunidades de mellora da convivencia, posibilitando a detección de situacións de illamento e/ou acoso, e a solución de conflitos de baixa intensidade, que son normais na vida cotiá dos adolescentes.

Creemos que as redes de iguais poden ser un gran motor de cambio de comportamentos e actitudes, que poden favorecer a integración social dos seus membros, a súa seguridade e a autoestima, e, de paso, favorecer unha actitude positiva na aprendizaxe de tipo máis académica.

O tránsito da escola primaria á secundaria xera unha necesidade de integración e adaptación ao novo entorno e de crear novas relacións sociais, polo que é un momento no que o alumnado pode ser máis vulnerable en diferentes planos: persoal, académico e social. Consideramos que o TEI pode axudarnos a prever casos de violencia entre iguais, que os estudos sitúan con máis incidencia nestes primeiros cursos da ESO.

2. Profesorado e alumnado participante.

Coordinación	<ul style="list-style-type: none"> ● M^a Sonsoles Expósito Astor (Orientadora) ● M^a del Carmen González Dobarro
4 Titores/as 1º ESO M ^a Elisa Franco Torres Andrea Lagoa Núñez Isabel Rodríguez Germade Diana Ramos Soto	
5 Titores/as 3º ESO-3º PDC M ^a del Carmen González Dobarro Esmeralda Jerusa Gómez Calviño Beatriz Fernández Argibay Marta Hierro Villarino María Gómez Rodríguez	

Participou todo o alumnado de 1º de ESO e máis do 95 % do alumnado de 3º de ESO foi voluntario para ser titores entre iguais ou axundante, o que mostra unha boa saúde o programa.

O profesorado titor dos grupos colaborou co programa, cedendo tempos e participando na realización das distintas actividades TEI, sendo parte fundamental do programa.

3. Descrición das accións realizadas polo alumnado coas conclusións obtidas.

1º TRIMESTRE

Setembro 2022

- **Primeira reunión de introdución da coordinación TEI coa orientadora:** Falamos do material TEI do centro e a orientadora explicou brevemente o funcionamento do programa. Debido a que os listados de alumnado e grupos non estaban feitos, non se puido facer a asignación de titores ata máis adiante.
- **Creouse o grupo de coordinación TEI** mediante unha RRSS (Whatsapp) cos titores/as de 1º e 3º de ESO, orientación e xefatura de estudos.
- Elaborouse os **listados de asignación** dos titores-titorizados de 3º de ESO por parte da coordinación TEI.

Semana de 19-23 de setembro:

- Realizouse a **formación inicial dos titores de 3º de ESO** para cada grupo (4 sesións).

Semana de 26-30 de setembro:

- **Actividade de presentación das parellas TEI** nas horas de tutoría no salón de actos. A actividade foi exitosa con moita motivación do alumnado especialmente de 1º de ESO.

DINAMIZACIÓN DE CONVIVENCIA IES A XUNQUEIRA II
FORMACIÓN TUTORÍA ENTRE IGUAIS (TEI)
 O ALUMNADO DE 3º DE ESO RECIBIRÁ A FORMACIÓN INICIAL PARA PODER SER TITORES/AS DO ALUMNADO DE 1º DE ESO



Outubro de 2022

Semana de 3 ó 7 de outubro:

- **Actividade InvesTEIgando:**

Na primeira semana de outubro fíxose unha actividade moi interesante no salón de actos para valorar **o grado de coñecemento mútuo das parellas TEI**.

O alumnado tiña que indagar e adiviñar, baseándose no coñecemento destas semanas das parellas TEI, dos gustos e afeccións dos seus compañeiros e compañeiras.

A valoración desta actividade foi moi alta polo alumnado e propónse instaurala para os vindeiros anos coma actividade TEI sistemática.



Semana de 3 ó 7 de outubro:


- Tamén en outubro realizouse no salón de actos unha actividade de cohesión entre titores e titorandos **"Como vai o principio de curso?"**. Foi unha actividade que resultou moi ben e que invitou a ter máis confianza entre as parellas TEI e reflexionar sobre o inicio de curso.



Novembro 2022

- Actividades en colaboración coa Biblioteca do centro:**

BiblioTEIca: realización dun Bookfaces: entre as parellas de 1º e 3º de ESO a actividade consistiu en integrar a portada dun libro cunha parte do corpo. O alumnado valorou moi positivamente esta actividade lúdica.





Decembro 2022

Non foi posible realizar unha actividade proposta para Nadal (por cuestións organizativas) que consistía na realización dunhas tarxetas de felicitación, pero decidiuse facer algo similar para xaneiro.

2º TRIMESTRE

Xaneiro 2023

Semana do 9-13 de xaneiro

- **Carta de vos desexos para o novo ano 2023.**

O alumnado de 1º e 3º de ESO realizou unha carta a candansúa parella, facedo logo unha figura de papiroflexia con ela, concretamente un corazón.

A valoración desta actividade foi moi alta por parte do alumnado, sobretodo polos de 1º de ESO.





Nos meses posteriores as actividades nas titorías reduciuse, xa que estaban programadas intervencións e charlas nas titorías de 1º e 3º de ESO por parte do Departamento de Orientación do centro. De todos modos xurdiron ideas como un "circuíto dos sentidos" para visibilizar e integrar as persoas con algunha discapacidade e que este ano non foi posible organizar por cuestión de tempo. Poderíamos retomar esta iniciativa o ano que ven.

Nestes días a coordinación seguiu traballando na xestión dos conflitos entre alumnado de 1º de ESO, que este ano foi moi intensa e que o alumnado de 3º de ESO non era quen de solucionar por si mesmos en moitos casos.

3º TRIMESTRE


Nestes meses a actividade nas titorías seguiu protagonizada polas intervencións e charlas nas titorías de 1º e 3º de ESO organizadas por parte de orientación do centro.



Nestes días a coordinación seguiu traballando na xestión dos conflitos entre alumnado de 1º de ESO. Aínda así organizáronse as seguintes actividades:

Abril 2023

- **Actividade: "A miña muller de referencia"**

Coa colaboración do profesorado titor dos niveis de 1º e 3º de ESO, o alumnado elaborou nas súas casas unha postal coa muller de referencia para eles, para poñer en valor a figura da muller que teñen cercana: súa nai, irmá, avoa,... Todas as postais expuxéronse na entrada do instituto no mes de maio.







Maio 2023

Semana 8-22 de maio

- **Esculturas de area na praia da Lanzada coa temática “Pablo Picasso”** (en colaboración co departamento de EPVA sendo a coordinadora principal desta actividade Margarita Esteban Muñecas)

O IES Monte da Vila, do Grove, propúxolle ao departamento de Debuxo do noso instituto, volver participar na elaboración de esculturas na area. Este ano, a temática sobre a que se traballou foi “Picasso”. Durante tres semanas, o alumnado estivo traballando con plastilina na elaboración de maquetas que despois tiñan que representar na area da praia. Agrupáronse en dúas ou tres parellas TEI para levar a tarefa a cabo. Sempre que se puido e que o día acompañaba, facíanse estas maquetas de plastilina nas pistas exteriores.

A actividade foi moi ben valorada polo alumnado e, con ela, ademais da creatividade, fomentouse o compañeirismo e a amizade. Ademais o alumnado desfrutou ao aire libre e en contacto coa natureza. É moi boa proposta a ter en conta para vindeiros anos, pois foi moi produtiva.



5. Conclusións e propostas de mellora de cara o vindeiro curso.

- Creación **dun grupo de traballo de convivencia no centro**, onde coordinemos as actividades e propoñamos novas medidas cara a mellorar a convivencia do centro.
- Importante tentar facer **o antes posible a asignación de titores/titorizados** co obxectivo de comezar pronto a presentación e actividades de coñecemento das parellas.
- **Expoñer o programa no primeiro claustro do curso** para explicar a necesidade de colaboración de todo o profesorado na promoción dunha educación emocional construtiva no centro.
- Realizar un **video de presentación para os titores/as dos grupos de 1º e 3º de ESO** para que coñezan o programa.
- Recordar no deseño de actividades de **non utilizar videos moi longos** posto que terminan por facer perdero interese ó alumnado.
- Retomar a idea do "**circuíto dos sentidos**" para o ano vindeiro.
- Realizar unha valoración cuns **cuestionarios anónimos** para o alumnado (como se fixo este ano) e incluío vinder ano ao profesorado titor para recibir propostas de mellora.